



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A
CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

BASES PARA A INSCRIPCIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “CAMPAMENTOS URBANOS DE NADAL 2022-2023”.

1) Lugar e datas de inscrición.

Convocatoria de prazo para a inscrición da actividade “Campamentos Urbanos de Nadal 2022-2023”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas ás crianzas do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a súa promoción social e laboral.

A actividade vaise desenvolver os días **23, 26, 27, 28, 29, 30** de decembro 2022 e **2, 3, 4 e 5** de xaneiro 2023, en días laborables.

Os obradoiros van dirixidos ás crianzas nadas entre **2.011 e 2.019** do Concello das Pontes, habendo un total de **30** prazas.

Para poder realizarse a actividade terá que haber un mínimo de 10 inscricións.

O lugar de inscrición será no Rexistro Municipal do Concello, previa cita, desde o 5 ao 15 de decembro de 2022, en horario de **8:30 a 13:30 h**, no rexistro municipal.

Tamén poderá enviarse a inscrición e a documentación a través da sede electrónica: <http://sede.aspontes.com/es/index.html>, comezando o prazo o día 5 de decembro ás 00.00 e rematando o prazo o 15 de decembro ás 23.59 horas.

2) Requisitos mínimos de participación.

2.1. As persoas proxenitoras deben estar empadroadas no municipio con data anterior a esta convocatoria, así como os menores para os que se solicita praza.

2.2. As persoas, aínda sen cumprir o criterio da idade, é dicir, nadas en datas anteriores ao 2010, que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas.

3) Adxudicación de prazas.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

3.1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

3.2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos nestas bases.



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A** **CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2022 límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Unha vez cumprido este requisito, terase en conta os criterios de valoración do apartado 4.

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios correspondentes ao apartado 4.

4) Criterios de valoración.

Criterios xerais	Puntuación
Familias nas que os dous proxenitoes ou titores/as se atopen en situación laboral activa.	10
Familia monoparental/monomarental en situación laboral activa.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor	1 (por cada menor)

Criterios de carácter social	Puntuación
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Vítimas de violencia de xénero	3



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D
Nos casos en que haxa igualdade de puntuación para a obtención da praza adxudicárase por sorteo público.

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma serán excluídas automaticamente e, de ser o caso, contactarase coas seguintes persoas da lista de espera.

As persoas que obtiveron praza no programa e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de As Pontes ou ben a través da sede electrónica.

5) Documentación.

Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:

- Fotocopia do Libro de Familia (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menor/es, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Certificado de empadramento do/a menor solicitante e dun dos proxenitores ou autorización para a comprobación destes datos no padrón municipal.
- Declaración da Renda do 2021 ou xustificante de non ter a obriga de facela.
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (**De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación**). Para as persoas autónomas entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Resolución do Programa de atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou similar.
- Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración.

A documentación que non se presente no prazo establecido, non se poderá presentar posteriormente, realizándose a baremación coa documentación achegada.

As persoas adxudicatarias das prazas deben facer efectivo o prezo público no Servizo de Recadación do Concello, sito en Avda Castelao nº 36, baixo, ou ben facendo ingreso bancario no número de conta de **ABANCA ES19-2080-0230-6931-1000-0012** e presentar o xustificante de pagamento no Centro de Información á Muller (Rosalía de Castro 28-Casa Dopeso 2º Andar) ou por mail a cim@spontes.org

6) Comisión de baremación.

O Concello das Pontes constituirá unha comisión de baremación e seguemento composta por:

Presidencia: Concelleira de Igualdade ou persoa en quen delegue.

Secretaría: Directora do Centro de Información á Muller ou persoa en quen delegue.

Vogal: Traballadora social do Concello das Pontes ou persoa en quen delegue.

7) Listaxe de persoas admitidas.



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n(2º andar) · CP 15320 · Telf./Fax 981441008 · REL 01150709 · CIF P1507100D

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal www.aspontes.org. Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso.

No caso de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera aceptaránse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

8) Baixas.

Causarase baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario.
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriránse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

9) Lugar e horario.

As actividades terán lugar nas instalacións dun centro educativo da vila e consistirán en actividades educativas, de lecer e deportivas.

O horario das actividades é de **9:00 ata 14:00 horas**.

10) Cota de inscrición.

Establécese a seguinte cota de inscrición: **40 €**, por cada menor participante.